

EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 23 DE ABRIL DE 2014

A Xunta de Goberno Local celebra sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o día vinte e tres de abril deste ano, baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, DON JOSÉ CLEMENTE LÓPEZ OROZCO, e coa asistencia dos Ilmos. señores concelleiros DON LUIS MANUEL ÁLVAREZ MARTÍNEZ, DONA SONIA MÉNDEZ GARCÍA, DONA MARÍA DEL CARMEN BASADRE VÁZQUEZ, DON MANUEL ENRIQUE CHAÍN FERNÁNDEZ, DONA ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA e DON MANUEL NÚÑEZ LÓPEZ. Actúa como Secretaria a Concelleira-Secretaria da Xunta de Goberno Local, dona María del Carmen Basadre Vázquez, e asisten á sesión a Vicesecretaria, dona María García Ferro, e o Interventor Xeral Municipal, don Marcial Rodríguez Toajas, os cales foron convocados para o efecto. Adóptanse conforme ós termos da orde do día os seguintes acordos:

ÁREA DE URBANISMO

1. LICENZAS URBANÍSTICAS.- Acórdase exceptuar do cumprimento das condicións NHV-2010, normas de habitabilidade de vivendas de Galicia 2010, reguladas polo Decreto 29/2010, para a actuación de instalación dun ascensor en edificio existente, sito na rúa San Isidro Labrador, nº 19.

Tamén se acorda exceptuar do cumprimento das condicións NHV-2010, normas de habitabilidade de vivendas de Galicia 2010, reguladas polo Decreto 29/2010, para a actuación de rehabilitación de vivenda unifamiliar sita na rúa Oliveira, número 53.

Así mesmo, acórdase a concesión de licenza para construción de edificio na rúa Ameneiro, número 15.


Acórdase a denegación das seguintes licenzas: para cambio de uso a vivenda dun apartamento turístico da terceira planta, porta e, do edificio sito na rúa José Novo Freire, número 13 e para para cambio de uso a vivenda dun apartamento turístico da quinta planta, porta e, do edificio sito na rúa José Novo Freire, número 13.

2. XESTIÓN.- Acórdase a aprobación definitiva do proxecto refundido de urbanización do polígono das Saamasas, sector SUNP N-I.

Acórdase a declaración de ruína técnica e urbanística no expediente contradictorio de ruína do inmovible número 124 da rúa San Roque.

ÁREA DE ALCALDÍA, RECURSOS HUMANOS E PROTECCIÓN DA COMUNIDADE

Código Seguro de verificación: jX+G0gc0BnsZPuBLINT8+g==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>
 Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

FIRMADO POR	Carmen Basadre Vazquez - TA Delegada Cultura		FECHA	28/04/2014
ID. FIRMA	afirma.pro	jX+G0gc0BnsZPuBLINT8+g==	PÁGINA	1/2
 jX+G0gc0BnsZPuBLINT8+g==				

3. PERSOAL.- Acórdase o nomeamento dun tradutor do Excmo. Concello de Lugo.

ÁREA DE ECONOMÍA, EMPRENDEMENTO, AUTÓNOMOS E EDUCACIÓN

4. CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO.- Acórdase a aprobación do prego de cláusulas administrativas particulares, así como do gasto e a adxudicación por procedemento aberto na contratación dun servizo de cociña para a Escola Infantil "Serra de Outes" do Concello de Lugo - 2014 e a apertura do procedemento de adxudicación.


Acórdase a desistencia do contrato privado de alugamento de vivenda sita en Serra de Meira, nº 68, 1º.

Así mesmo, acórdase a rectificación de erro material no acordo número 13/221 da Xunta de Goberno Local do Concello de Lugo do día 2 de abril de 2014.11 na contratación da xestión do servizo público de transporte regular de viaxeiros na modalidade de concesión no Concello de Lugo.

Asinado pola Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Cultura, Turismo, Xuventude e Promoción da Lingua e Concelleira-Secretaria da Xunta de Goberno Local, María del Carmen Basadre Vázquez.

Código Seguro de verificación: jX+G0gc0BnsZPuBLINT8+g==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>
Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

FIRMADO POR	Carmen Basadre Vazquez - TA Delegada Cultura	FECHA	28/04/2014
ID. FIRMA	afirma.pro	jX+G0gc0BnsZPuBLINT8+g==	PÁGINA 2/2


jX+G0gc0BnsZPuBLINT8+g==